

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO, PROMOCIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACONTECEMENTOS DEPORTIVOS E DEPORTE FEDERADO.

En Arteixo a 13 de decembro de 2019.

Dunha parte D. Carlos Calvelo Martínez, maior de idade con Documento Nacional de Identidade 32.824.251-P, Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, que actúa na representación deste que legalmente lle corresponde, e a Secretaria Xeral D^a Ana Ramos Ramos que dá fe do acto.

Doutra parte D. José Manuel Castro Calvete, maior de idade e como presidente da Peña Autocross Arteixo, con DNI. 76.349.487 – K.

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para obrigarse na representación que ostentan e polo tanto para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

MANIFESTAN

Que o Concello de Arteixo, ten dentro dos seus fins:

- Universalizar e facilitar o acceso á práctica de Actividade Física e deporte en toda a poboación, co fin de acadar un mellor benestar, potenciando a calidade de vida, e o equilibrio social
- Promocionar e fomentar o deporte de base entre os nenos e nenas do Concello.
- Facilitar a utilización das instalacións deportivas municipais ao máximo número posible de cidadáns da localidade.
- Establecer convenios de colaboración con clubs e asociacións para potenciar o asociacionismo deportivo e en aras a conseguir unha maior participación cidadá no sistema deportivo local.

- Que a Peña Autocross Arteixo, ten como finalidade a promoción deportiva e especificamente a práctica do Autocross. Dispoñendo para tal fin de suficiente organización e estando afiliado ás correspondentes Federacións Deportivas (Federación Galega e Española de Automovilismo)
- Que dada a común finalidade de promoción e práctica deportiva e co obxecto de coordinar as ofertas deportivas dos seus ámbitos respectivos, se subscribe o presente convenio de colaboración con arranxo ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A Peña Autocross Arteixo (en adiante Club) comprométese que na organización dos distintos acontecementos deportivos, entre eles os campionatos galegos e de España, figure en todo momento a presenza do Concello e do Servizo Municipal de Deportes coma institución que promociona e colabora en ditos eventos, figurando na publicidade.

SEGUNDA.- O Concello de Arteixo (en adiante Concello) queda excluído de toda relación laboral ou mercantil con calquera das persoas, tanto físicas como xurídicas, que a través do Club

colaboren, participen, executen traballo ou presten servizos en orde o cumprimento do presente convenio

TERCEIRA.- O Concello comprométese a ceder o uso do local inmoible situado na Avenida Platas Varela. Edificio Seixeda portal 1 - 1ºG, facéndose cargo o Concello dos custos do pago da comunidade de veciños, luz e auga.

- a. A entidade deportiva non poderá percibir cantidade ningunha pola utilización das instalacións municipais como consecuencia de cesión a terceiros, nin poderá autorizar o seu uso con estes sen expreso consentimento do Concello; virá obrigada ao cumprimento das instrucións de uso que se cursen a través do Servizo Municipal de Deportes.
- b. O Concello de Arteixo resérvase a facultade da utilización das instalacións cedidas, para actos que se programen dentro do ámbito do exercicio das súas competencias municipais.

CUARTA.- O Club comprométese a colocar publicidade estática institucional do Concello de Arteixo e do Servizo Municipal de Deportes en lugar preferente en todos os acontecementos deportivos organizados por este. Igualmente en cartelería, folletos, entradas e publicidade en xeral editados con ocasión do desenvolvemento de actos deportivos, deberá figurar o logotipo de identificación do Concello, especialmente na uniformidade dos deportistas federados da entidade.

QUINTA.- O Club obrígase ademais a:

- a) Colaborar co Concello na organización e realización dos xogos deportivos municipais, eventos deportivos populares, torneos, campus e calquera outra actividade que contribúa a promoción do deporte, entre elas o Día do Deporte na Rúa. Tal colaboración traducirase en coordinación técnica, apoio do persoal do Club, difusión da actividade, axuda na montaxe e desmontaxe de esta e todo canto requira a organización dos eventos.
- b) Presentar á Concellería de Deportes e levar a cabo en setembro de cada ano un programa de actividades da anualidade posterior.
- c) Nomear un responsable do programa de actividade que actuará como interlocutor válido cos servizos técnico-deportivos municipais.
- d) A organización dos seguintes acontecementos deportivos
 - Campionato Galego de RallyMix
 - Campionato de España de Autocross
- e) Colaborar na organización da Baixada de Carrilanas con motivo da Feira Histórica 1900, facéndose cargo dos premios en metálico que se entreguen, segundo a normativa de participación que aproba o Concello para esta actividade
- f) Asistir a cantas reunións sexan convocadas polo Servizo Municipal de Deportes facilitando todo tipo de información relativa á actividade que lle sexa requirida por estes.
- g) Presentar unha memoria final de tempada de acordo co programa de actividades desenvolvido, antes do 30 de novembro, de cada ano.

SEXTA.- O Concello aportará ao Club, como axuda á promoción do deporte federado e á organización de eventos, a cantidade de 28.000,00 € por anualidade, sendo ingresado con cargo ao orzamento do 2019, co desglose que se relaciona a continuación, anticipando o 50 por 100 (14.000 €) no momento da sinatura do convenio e o 50 por 100 restante cando xustifiquen o 100% do importe do convenio (antes do 30 de novembro).



	Concepto	Importe
Escolas Deportivas Municipais	Non	0,00 €
Promoción Deporte Federado	Sí	4.000,00 €
Colaboración Día do Deporte na Rúa	Sí	
Eventos Deportivos		
<i>Campionato de España de Autocross</i>		20.200,00 €
<i>Campionato Galego de RallyMix</i>		2.000,00 €
<i>Baixada de carrilanas Feira Histórica 1.900</i>	Premios en metálico	1.800,00 €

Se algunha actividade das que se recollen na cláusula quinta d) non se organiza ou non se realiza o gasto mínimo cos importes desglosados na táboa anterior, o importe do convenio reducirase nas mesmas cantidades.

SÉTIMA.- A xustificación do convenio realizarase mediante a presentación da conta xustificativa coa documentación referida ao efecto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo, **antes do 15 de decembro**, contendo como mínimo o seguinte:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os resultados obtidos (arts.72 e 75 RD 887/2006, de 21 de xullo)

Memoria económica xustificativa (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo) dos gastos e investimentos da actividade, acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio cuxo pagamento quede acreditado. Os pagamentos acreditaranse con carácter xeral mediante documento de transferencia bancaria, podendo admitirse de xeito excepcional pagos en efectivo cando a súa contía sexa inferior a 300 € (sen IVE). Neste último caso deberá constar na factura o "recibi" co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación

- Detalle de **outros ingresos** de natureza privada (cotas ou aportacións de socios, cofinanciamento de socios ou persoas beneficiarias nas actividades recibidas...)
- Detalle de **outras achegas ou subvencións** de fondos públicos que teñan financiado a actividade subvencionada, indicando o importe e a procedencia

Certificado, de non recibir outras subvencións polo mesmo concepto e presentar certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia e co Concello de Arteixo.

Declaración de non atoparse a entidade incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.

- Declaración conforme a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.
- Facturas orixinais relativas aos gastos.
 - o Coa finalidade de darlle cumprimento ao disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo.



- Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- Non serán xustificables gastos de comidas ou bebidas.
- Os documentos admitidos como xustificantes (facturas, nóminas e outros documentos de valor probatorio) deberán aplicar, no seu caso, as retencións e impostos (IVE, IRPF) que correspondan. A substitución da factura por outro tipo de xustificante deberá respectar os supostos previstos no artigo 4 do RD1496/2003, Regulamento de Facturación.

Gastos subvencionables admisibles: Son aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na presente convocatoria. A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:



- Fichas dos deportistas, co correspondente certificado federativo.
- Mutualidade e seguros de responsabilidade civil, cos pertinentes certificados e facturas.
- Arbitrxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.
- Transporte interno, por medio de facturas, acompañadas de calendario oficial de competicións.
- Retribucións a persoal técnico, acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá o recibín cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE. En calquera caso deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.
- Custos por afiliación de xogadores para participar en competicións oficiais.
- Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia
- Custos por inscrición de equipos ou deportistas para participar en competicións oficiais federadas.
- Material deportivo funxible (non inventariable).
- Gastos de mantemento (aluguer, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina. (non poderá superar o importe total do 10% presuposto a xustificar)
- Gastos de manutención e hospedaxe correspondentes a calendarios de competición oficiais da correspondente federación deportiva.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirao para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

1. Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250€.
2. Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións

OITAVA.- O presente Convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

NOVENA.- O club disporá dunha póliza de responsabilidade civil, sendo a tomadora a entidade deportiva. Os seus compoñentes estarán en posesión da ficha federativa en vigor coa súa mutualidade deportiva, ou no seu defecto, dun seguro de accidentes que garanta a atención médica primaria e hospitalaria dos usuarios da entidade deportiva. Tanto a póliza de

responsabilidade civil coma a de accidentes, manterán a súa vixencia e actualización económica polo tempo de duración do presente convenio.

DÉCIMA.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar este Convenio, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte do Club de calquera das obrigas no mesmo contidas.

E en proba da conformidade ambas parte subscriben este convenio, a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

POLO CONCELLO DE ARTEIXO



Asdo.: Carlos Calvelo Martínez
Alcalde

POLA PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO



Asdo.: José Manuel Castro Calvete
Presidente

ANTE MÍN,
A Secretaria,



Asdo. Ana Ramos Ramos